



**Expediente núm.:** 442/2026

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028

**Categoría profesional:** Auxiliar administrativo (IV)

**Sistema de selección:** Concurso – Oposición

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Tema:** Listaxe provisional de admitidos e excluídos ao Proceso de selección de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Auxiliar administrativo (IV)

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral e creación de bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de Auxiliar administrativo (IV), cuxas bases foron aprobadas o 05.03.2026 por Resolución de Alcaldía núm. 2026 - 0234, e posteriormente publicadas na sede electrónica do Concello [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] con data do 06 de marzo de 2026.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes con data 23 de marzo de 2026 e, consonte co disposto nas devanditas bases de selección, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

- Aspirantes admitidos:

	Apelidos e nome	NIF aleatorio	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega
1	Anido García, José Celso	3*3*3*6*V	Si
2	Araujo Lorenzo, Yudi	**46*7*8E	Non
3	Aviñoá González, Noelia	4*4**95*R	Non
4	Barreiro Vázquez, Diego	**71*1*3Y	Si
5	Batista Fernández, Rosaura	4**05*5*Y	Si
6	Benito Ojea, Paula	**479*3*N	Si
7	Blanco Sousa, Cristina	4*4***25D	Si
8	Carballo García, Yago	**66*9*3T	Si
9	Carballo Rodríguez, Silvia	***275*6G	Si
10	Carrera Álvarez, María Delia	3*0*3*1*L	Si
11	Castaño Martín, Yaiza	3*2*3*2*Q	Non





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

12	Cid Babarro, Eladi	**739*7*L	Si
13	Cid Lahoz, Santos	4*4**48*W	Si
14	Del Río Guimerans, María Cristina	**949*1*Y	Si
15	Dibuja Barroso, David	**16*6*7N	Si
16	Fernández González, Ana Belén	**449*6*A	Si
17	Fernández Pérez, Aranzazú	***772*3C	Si
18	Freire Perles, Jaime	5**75*7*L	Si
19	García Freigedo, Rocío	**48*8*6A	Si
20	García Nespereira, Yolanda	**48*7*6Z	Si
21	Gómez Fernández, Tania	**46*9*2X	Si
22	Gómez Sánchez, Sonia	4*4*3*5*L	Si
23	González Areas, Marta	***771*8F	Si
24	González Carrete, María Cristina	*4*3*2*3F	Si
25	González Durán, Margarita	4*4***53S	Si
26	González Yebra, Leticia	***871*0V	Si
27	Grande Velo, Laura	**47*4*2J	Si
28	López Iglesias, María Susana	3*9**37*Z	Si
29	López Pérez, Nuria	**99*8*3D	Si
30	López Vispo, Eva	**99*6*0X	Non
31	Lucas Méndez, Sonia María	*4*9*5*0F	Si
32	Martínez Aguado, Ana Mari	***572*2Q	Si
33	Martínez Álvarez, Eduardo	7*3***35P	Non
34	Meijomil Valbuena, Sandra	**47*8*0R	Si
35	Miguel Dougoud, María José	4*4**50*T	Si
36	Moya Vasallo, Ismael	5*0**46*S	Non
37	Pedreira Gómez, Patricia	4*4**26*T	Non
38	Pereira Collazo, Melisa	**49*0*9Z	Si
39	Pérez Camba, Alba	4*4***29Q	Si
40	Pérez Pulido, Ylenia	**48*1*0F	Si
41	Pernas De Dios, Marta	**66*3*4Z	Si
42	Plaza Crespo, Paula	**46*4*2E	Si
43	Porto Barral, Leticia	**989*3*K	Si
44	Prado Gómez, Daniel	*5*6*6*9S	Si
45	Rodríguez López, María Isabel	*2*8*5*0W	Si
46	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	4*4*3*4*A	Si
47	Rodríguez Rodríguez, Nancy	***976*5E	Si
48	Rojo Martínez, Víctor Manuel	**97*1*1S	Si
49	Silva Fernandes, Julia	4**65*9*L	Si
50	Vázquez González, María José	**45*1*0K	Non
51	Vázquez Sánchez, Purificación	**98*9*7A	Si
52	Viñan Dorta, Andrea	4*6**12*J	Si





- Aspirantes excluídos:

	Apelidos e nome	NIF aleatorio	Causa de exclusión	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega
1	Alonso Iriarte, Isabel	***176*9M	a), b), c), e), f), g), h)	Non
2	Bustillo Álvarez, Miriam	**46*2*6F	a), f), h)	Si
3	Estévez Galindo, Rocío	**45*0*0C	f)	Si
4	Fuentes Pérez, Ainhoa	4*1***30P	f)	Si
5	Mateo Rego, Daniel	**65*8*1T	a), f)	Si
6	Núñez Parada, Andrea	**14*4*2Z	b), c), g)	Non
7	Rodríguez Simeón, María	7*7***49S	h)	Si

Causas de exclusión (Art. 6º das bases):

- Non achega o Anexo I.- Modelo de instancia.
- Non achega fotocopia do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- Non achega fotocopia do título esixido ou resguardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 4º).
- Non achega, de ser o caso, copia cotexada do certificado do grao de discapacidade.
- Non achega acreditación do coñecemento da lingua galega (artigo 10º).
- Non achega declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo II das presentes bases.
- Non achega xustificante do pago da taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº 288 do 17-12-2014).  
A ausencia de xustificación do abono da taxa por dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de emenda, determinando a exclusión da persoa aspirante.  
Non achega a documentación acreditativa de estar nalgunha das causas de exención do aboamento da taxa, debe acreditar o pago da taxa ou a exención no pago desta.
- Non achega documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.
- Presentación da solicitude de admisión a probas selectivas esixido nas bases da convocatoria fora de prazo.

**Segundo.-** As persoas excluídas, así como as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas, disporán dun prazo improrrogable de **tres (3) días hábiles**, que comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], **para emendar os defectos** que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de persoas admitidas.

As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada unha vez rematado o prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior non emendasen as causas de exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na lista de





persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro do prazo sinalado nos parágrafos anteriores, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas e resoltas estas, a Alcaldía elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

Contra a resolución de Alcaldía pola que se declare definitivamente excluído/a do proceso selectivo, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da dita resolución na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

**Terceiro.-** Esta emenda poderase realizar preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar na dirección <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>, indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

As solicitudes de emenda en soporte papel efectuaranse mediante a presentación da documentación na oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello do Pereiro de Aguiar ou nas demais formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, indicando o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

**Cuarto.-** As persoas aspirantes que non posúan o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixe nas bases específicas deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta (30) minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características funcionais do posto de traballo convocado.

A proba terá lugar o mesmo día que se realicen os exercicios da fase de oposición, estando obrigados a realizala aquelas persoas aspirantes que non acrediten a súa exención, e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo.

**Quinto.-** Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos, no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello <http://concellopereiro.sedelectronica.gal>, nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor – Tesoureiro dou fe ós exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor – Tesoureiro,  
Alejandro Martínez Sánchez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

